CONCELLO DE CARBALLO
C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña

FIJADO: 29-11-2018
EL CONSERJE

DESFIJADO:
EL CONSERJE

concello de CARBALLO

2018/E001/000020
Exp. 2018/G003/003317

PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN
TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO DE CARBALLO

Ponse en coñecemento dos posibles interesados que a Alcaldía/Presidencia desta Entidade Local, en data 29-11-2018, ditou a resolución con número 3108/2018 que deseguido se transcribe:

RESOLUCIÓN
APROBACIÓN DA LISTAXE DE SUBSTITUCIONS DE TECNICO/A DE INFORMACIÓN E ORIENTACION LABORAL.

Antecedentes.

Primeiro.- Por Resolución da D.X. de Orientación e Promoción laboral da Consellería de Economía, Emprego e industria do 08/08/2018 concedeuse a este concello o outorgamento dunha subvención por importe de 25.000 € para unha contratación dun/ha Técnico/a de orientación, para a realización de accións de orientación laboral por un período de 12 meses.

Segundo.- Por Decreto núm. 2900 de 09/11/2018 aprobáronse as bases e convocatoria do proceso de selección para a contratación dun posto de traballo coa categoría de Técnico/a de información e orientación laboral. As ditas bases foron publicadas no Taboleiro de Anuncios do Concello e na web municipal, e un anuncio da convocatoria no BOP núm. 217 da Coruña do 14/11/2018 e no Diario de Bergantiños e na Voz de Galicia do 15/11/2018.

Terceiro.- O órgano de selección, en acta datada o 27/11/2018 e tras finalizar o procedemento de selección, propón a contratación da aspirante con maior puntuación e, de acordo coa base sétima das que rexen a convocatoria fai a proposta de listaxe de substitucións ou de reserva.

"O tribunal propón a contratación temporal por obra ou servizo, previa validación por parte da Consellería de Economía, Emprego e Industria, da seguinte persoa:

Nº	Nº REX	DNI	APELIDOS	NOME	FASE CONCURSO	FASE OPOSICION	TOTAL
1	10463/2018	32785849Q	PATIÑO GARCÍA	MARÍA DEL CARMEN	8,70	15,00	23,70

O tribunal propón a seguinte listaxe de substitucións:

Nº	Nº REX	DNI	APELIDOS	NOME	FASE CONCURSO	FASE OPOSICION	TOTAL
2	10467/2018	77594639E	REJES CANOURA	ISABEL	9,10	13,00	22,10
3	10340/2018	32817491X	GÁNDARA CARRO	SUSANA AURORA	9,30	9,00	18,30

Cuarto.- A sétima das bases reguladoras desta convocatoria (listaxe de substitucións e chamamento aos integrantes da listaxe) establece que na acta da última sesión do Tribunal se incluirá unha relación dos/as aspirantes que tendo superados o exercicio da oposición, no seu caso, non foran incluídos na proposta de contratación, a efectos de poder, se así se considera, ser contratados no caso de que o posto quedara baleiro antes da finalización da actividade, sexa por baixa ou renuncia do/a seleccionado/a, por incapacidade temporal, ou para o caso de que a Consellería de Traballo non validase a contratación do/a candidato/a seleccionado/a pola comisión.

Así mesmo, tamén se establece que, se o órgano competente para a contratación o estimase oportuno, a persoa que resulte seleccionada neste proceso selectivo, así como as que poidan ser incluídas na listaxe de substitucións que propoña o Tribunal seleccionador, poderán ser chamadas para contratacións ou nomeamentos coa mesma ou similar categoría profesional que xurdan no futuro.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR José Villán Fuertes (FECHA: 29/11/2018)
Versión imprimible
CVD: 3P8A1OEM4LeUoOJ/x8y+
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CARBALLO
C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña

Á vista do anterior, de acordo coas atribucións que confire á Alcaldía o art. 21 do artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, pola presente,

RESOLVO

Primeiro.- Derrogar a listaxe de substitucións de técnico/a de información e orientación laboral que se derivou das bases para a selección dun técnico/a de información e orientación laboral con referencia SLT 25/2016, que foran aprobadas por Resolución da Alcaldía núm. 1457 do 06/06/2016.

Segundo.- Aprobar a creación dunha listaxe de substitucións de técnico/a de información e orientación laboral derivada do proceso selectivo con referencia 2018/E001/000020, para ocupar con carácter temporal un posto de traballo coa categoría de técnico/a de información e orientación laboral, segundo a proposta do tribunal que actuou neste proceso na súa acta segunda e última do 27/11/2018.

De conformidade coa base sétima das bases reguladoras da convocatoria integrarán a mencionada listaxe de substitucións, as aspirantes incluídas na proposta de listaxe de substitucións elevada polo Tribunal a esta Alcaldía, así como a aspirante con maior puntuación proposta polo Tribunal para a súa contratación.

Listaxe de substitucións para nomeamentos ou contratacións laborais temporais de técnico/a de información e orientación laboral:

Nº	DNI	APELIDOS	NOME	FASE DE CONCURSO	FASE DE OPOSICION	TOTAL
1	32785849Q	PATIÑO GARCÍA	MARÍA DEL CARMEN	**8,70**	**15,00**	**23,70**
2	77594639E	REJES CANOURA	ISABEL	**9,10**	**13,00**	**22,10**
3	32817491X	GÁNDARA CARRO	SUSANA AURORA	**9,30**	**9,00**	**18,30**

Terceiro.- A referida listaxe terá carácter rotatorio e rexerase polo previsto na base sétima das bases reguladoras desta convocatoria aprobada por Resolución da Alcaldía núm. 2900 de 09/11/2018 (rectificación de erros por R-2970 do 15/11/2018), que di o seguinte:

"*Os/as integrantes da listaxe non perderán a orde de prelación que en cada momento lles corresponda nestas ate que acaden doce meses de traballo, de tal xeito que se a contratación para a que son chamados/as ten unha duración inferior retornarán ao posto que novamente lles corresponda na listaxe. Cando un/ha compoñente da listaxe acade 12 meses de traballo permanecerá outros 12 en expectativa de volver a ser chamado, coa finalidade de garantir o sistema rotativo e a igualdade de oportunidades para todos os alistados.*

A vixencia desta lista será ata que a Corporación a derrogue expresamente ou confeccione outra distinta e indique a derrogación da que se deriva destas bases.

***Causas de exclusión**. Serán motivos de exclusión dun/ha integrante da listaxe de substitución, salvo causa de forza maior ou causa debidamente xustificada e apreciada polo órgano de contratación os seguintes:*

a) Non aceptación da contratación ofertada.
b) Non resposta dentro do prazo fixado, trala realización da chamamento.
c) Renuncia á continuidade no desempeño dun posto de traballo, unha vez que foi contratado/a.
d) Separación do servizo por sanción disciplinaria e/ou por despido, agás que fose declarado nulo ou improcedente.

Non obstante o disposto na paragrafo anterior respecto das causas de exclusión, aquela persoa que rexeite unha contratación ofertada, sempre e cando se conteste en prazo, pasará ao último posto da listaxe de reserva".

Cuarto.- Publíquese a presente Resolución no Taboleiro de Anuncios do Concello a efectos de notificación e presentación de alegacións ou recursos.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR José Villán Fuertes (FECHA: 29/11/2018)
Versión imprimible
CVD: 3P8A1OEM4leUoOJ/x8y+
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CARBALLO
C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña

concello de CARBALLO

2018/E001/000020
Exp. 2018/G003/003317

Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Alcalde	Secretario
Evencio Ferrero Rodríguez	José Villán Fuertes

Esta publicación serve como notificación aos posibles interesados, en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e de conformidade co establecido no artigo 194 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, vostede poderá interpor alternativamente o recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes que comezará a contar dende o día seguinte ao da recepción desta notificación, ante o alcalde do Concello de Carballo, de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou o recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña, no prazo de dous meses que comezará a contar dende o día seguinte ao da recepción desta notificación, de acordo co artigo 46 da Lei 29/1998 da xurisdición contencioso-administrativa. Se optase por interpor o recurso potestativo de reposición non poderá interpor recurso contencioso-administrativo mentres que aquel non se resolva expresamente ou produza efectos a súa desestimación por silencio administrativo. Todo isto sen prexuízo de que poida vostede interpor calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

Documento asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.
Secretario
José Villán Fuertes

FIRMADO POR José Villán Fuertes (FECHA: 29/11/2018)
Versión imprimible

CVD: 3P8A1OEM4LeUoOJ/x8y+
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.